

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

RESOLUCIÓN do 3 de novembro de 2020, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se fan públicas as puntuacións provisionais da fase de concurso do proceso selectivo para o ingreso na categoría de fisioterapeuta.

A base oitava da Resolución do 3 de maio de 2019 (DOG núm. 92, do 15 de maio), da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso na categoría de fisioterapeuta, dispón que realizada polo tribunal a baremación dos méritos achegados polos/as aspirantes, a Dirección Xeral de Recursos Humanos publicará, no *Diario Oficial de Galicia* o anuncio da súa exposición con indicación da puntuación provisional obtida por cada aspirante nas distintas epígrafes, así como a valoración total da fase de concurso.

De conformidade coa antedita base, esta dirección xeral, como órgano convocante do proceso,

RESOLVE:

Primeiro. Publicar na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es), as puntuacións provisionais da fase de concurso obtidas polas persoas aspirantes que superaron a fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso na categoría de fisioterapeuta.

Cada aspirante poderá consultar, ademais, o detalle da puntuación obtida nos distintos puntos do baremo, no seu expediente electrónico persoal en Fides/expedient-e/sección de procesos

Segundo. De conformidade coa base oitava da Resolución do 3 de maio de 2019, contra os resultados da baremación provisional, os/as aspirantes poderán presentar reclamación ante o tribunal de selección no prazo de dez (10) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

A reclamación deberá presentarse nun rexistro administrativo ou a través de calquera dos procedementos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e deberá dirixirse á sede do tri-



bunal para os efectos de comunicacións, situada na Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, 15703, Santiago de Compostela.

A estimación ou desestimación das reclamacións presentadas entenderase implícita na resolución pola que se aproben as puntuacións definitivas da fase de concurso, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2020

Ana M^a Comesaña Álvarez
Directora xeral de Recursos Humanos

